

Bloque I. Contidos do primeiro exame de pendentes de 1º bac –bioloxía e xeoloxía.

Unidade 1: A NATUREZA BÁSICA DA VIDA,

- Definir as características que diferencian os seres vivos dos non vivos.
- Saber os conceptos de bioelemento e biomolécula.
- Biomoléculas:
 - A auga Coñecer a súa estrutura. Citar as funcións biolóxicas.
 - As sales minerais. Funcións biolóxicas.
- Glúcidos: Identificar a estrutura xeral dun monosacárido, do enlace O-glicosídico e a estrutura xeral dos disacáridos e polisacáridos. Funcións dos principais monosacáridos, disacáridos e polisacáridos explicados na clase.
- Lípidos: Coñecer os que son saponificable se insaponificables. Identificar os compoñentes dun fosfolípido, e comportamento destes no medio acuoso. Indicar as funcións dos diferentes grupos de lípidos.
- Proteínas: Definición e principais funcións. Identificar o enlace peptídico. Recoñecer e explicar os niveis de organización das proteínas.
- Os ácidos nucleicos. Definición. Tipos e función biolóxica. Reconocer as diferenzas estruturais, de composición, localización e funcional entre o ADN e o ARN.

Unidade 2: ORGANIZACIÓN CELULAR DOS SERES VIVOS

- Nomear os principios da teoría celular
- Coñecer os tipos de organización celular e as súas diferenzas.
- Identificar os orgánulos celulares e coñecer as súas funcións.
- Indicar as diferenzas entre as células eucariotas animais e vexetais.
- A orixe das células eucariotas (teoría endosimbiótica) probas que avalan dita teoría.

Unidade 3: A ORGANIZACIÓN PLURICELULAR DOS SERES VIVOS

- Os tecidos animais. Coñecer os tipos e indicar a súa función.
- Os tecidos vexetais. Coñecer os tipos e indicar a súa función.
- O sangue e a linfa. Compoñentes e función nos seres vivos.

Unidade 4: A PERPETUACIÓN DA VIDA

- Ciclo celular: Concepto. Citar os procesos que ocorren en interfase e na división celular.
- Definir mitose e citocinese. Identificar as fases da mitose e describilos. Función biolóxica da mitose nos seres eucariotas unicelulares e pluricelulares.
- A reprodución asexual. Concepto. Citar os principais tipos en animais e vexetais e exemplos
- A reprodución sexual. concepto. Vantaxes e inconvenientes respecto a reprodución asexual.
- A meiose. Identificar as fases e describilas brevemente. Diferenzas ca mitose. Finalidade biolóxica da meiose
- Tipos de ciclos biolóxicos.

Bloque II. Contidos do segundo exame de pendentes de 1º bac –bioloxía e xeoloxía.

Unidades : CLASIFICACIÓN DOS SERES VIVOS E A BIODIVERSIDADE

- Conceptos de: Biodiversidade. Especie. Endemismo.
- Coñecer os principais criterios de clasificación dos seres vivos. Indicar as categorías taxonómicas.
- Aprender as principais características dos cinco reinos e dos virus.

Unidade : A EVOLUCIÓN DA VIDA

- Concepto de evolución biolóxica.
- Comprender as principais teorías da evolución biolóxica.
- Indicar e explicar os argumentos a favor da evolución:

Unidades : NUTRICIÓN NOS VEXETAIS

- Diferenciar os procesos que interveñen na nutrición dos vexetais.
- Comprender os principais procesos de incorporación de nutrientes nos vexetais.
- Describir a circulación dos nutrientes nos vexetais e o intercambio de gases.
- Enunciar os procesos fundamentais de que consta a fotosíntese.

Unidades : NUTRICIÓN NOS ANIMAIIS

- Diferenciar os procesos que interveñen na nutrición dos animais.
- Coñecer o funcionamento dos principais aparellos que interveñen na nutrición animal.
- Identificar as partes dos aparellos que interveñen na nutrición dos vertebrados e a súa función
- Indicar as diferenzas entre os aparatos circulatorios e de circulación en vertebrados.

Unidades : COORDINACIÓN

- Diferenciar os mecanismos de coordinación nerviosa e hormonal.
- Indicar como se produce a transmisión do impulso nervioso.
- O sistema nervioso en vertebrados. Partes e función
- O sistema endócrino. Principais glándulas e función destas.

Unidades: XEOLOXÍA.

- Interpretar un corte xeolóxico. Aplicando o principio de actualismo, principio de sucesión de acontecementos. concordancias, discordancias. Fósiles guía .
- Estrutura do planeta Terra. Modelo xeoquímico e modelodinámico.
- Coñecer e interpretar os principais fenómenos que se producen por compensación isostática.
- Coñecer a teoría da deriva continental de Wegener. Argumentos.
- Enunciar as ideas básicas da teoría da tectónica de placas. Argumentos.
- Comprender os mecanismos de extensión do fondo oceánico e os efectos que esta produce.
- Diferenciar os distintos tipos de converxencia de placas e os procesos xeolóxicos que ocorren neles.
- Razoar sobre as características dos diferentes tipos de oróxenos.
- Identificar e representar as deformacións que mostran as rochas.